

**ACTA NÚMERO: 49/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 22 de decembro de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Gregorio Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 15 de decembro de 2022 (Reunión 48/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa RADIO VIGO SA (A36612414) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022066522).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe". (Expte.- 2022055654)*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022059153).*
5. *Apertura sobre único correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla (Concello de Tui)". (Expte.- 2022055300).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta "Unha terra entre ríos" e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes "Os camiños por dentro" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.- 2022044467).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliabile mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta "Unha terra entre ríos" e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes "Os camiños por dentro" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.- 2022044467).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Miguel



Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 15 de decembro de 2022 (Reunión 48/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día 15 de decembro de 2022 (Reunión 48/2022).

**2. Dar conta da oferta presentada pola empresa RADIO VIGO SA (A36612414) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022066522).**

Por acordo da Xunta de Goberno adoptado na súa sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa RADIO VIGO SAU (A36612414) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 07/12/2022.

A empresa RADIO VIGO SAU (A36612414) presentou a proposición con data 15/12/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	103.305,79 €
--------------------------	--------------

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE.



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa RADIO VIGO SAU (A36612414) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

**3. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe". (Expte.- 2022055654).**

Por Resolución Presidencial número 2022007857 de data 07/11/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe" cun orzamento base de licitación de 89.713,88 € IVE incluído. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de novembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 02/12/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	69.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	72.215,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	73.031,55 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	69.672,83 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	72.453,23 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	74.143,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	71.526,43 €	3%	36 MESES	SI	NO
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	69.131,37 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas por CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., e CONSTRUCCIONES VALE, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L. presentaran xustificación algunha da súa oferta polo que NON deben ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE ÚNICO
-------------	----------------------	-------------------	------------------	-------------------------	------------------------



CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	12,70	10,00	10,00	5,00	37,70
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	7,32	10,00	10,00	5,00	32,32
NAROM, S.L.	25,77	10,00	10,00	5,00	50,77
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	11,14	10,00	10,00	5,00	36,14
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	0,00	10,00	10,00	5,00	25,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	16,29	10,00	10,00	2,50	38,79

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	50,77
2	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	38,79
3	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	37,70
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	36,14
5	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	32,32
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,00

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Actuacións de acondicionamento do vial da zona suroeste da Cidade Infantil Príncipe Felipe” á empresa NAROM, S.L., de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado .....69.672,83 €

IVE (21%) ..... 14.631,29 €

Importe Total ..... 84.304,12 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa NAROM, S.L.. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 2 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 2 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 3.483,64 €



**4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022059153).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 28 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade”, cos seguintes lotes:

Lote	Denominación
Lote 1	Reactivos para a realización das determinacións físico-químicas.
Lote 2	Reactivos para a realización das determinacións microbiolóxicas.
Lote 3	Reactivos para equipos dos que dispón o laboratorio: “Minividas e Vitek 2”.
Lote 4	Reactivos para a realización das determinacións de augas.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 28 de outubro de 2022, aparecendo publicado o día 2 de novembro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 211-606428), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de novembro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 2 de decembro de 2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479), ós lotes 1, 2 e 4.
- CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605), ós lotes 1, 2 e 4.
- BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589), ó lote 3.
- BIOSER, S.A. (NIF: A08964884), ós lotes 2 e 4.
- CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023), ós lotes 1, 2 e 4.

Na reunión da Mesa de Contratación do día 2 de decembro de 2022, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

**COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)**

	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 4
Importe sen o IVE:	90.451,37 €	58.864,23 €	17.252,53 €
IVE (21 %):	18.994,79 €	12.361,49 €	3.623,03 €



Importe total ofertado:	109.446,16 €	71.225,72 €	20.875,56 €
-------------------------	--------------	-------------	-------------

**CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)**

	<b>LOTE 1</b>	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	104.156,06 €	76.801,99 €	18.428,87 €
IVE (21 %):	21.872,77 €	16.128,42 €	3.870,06 €
Importe total ofertado:	126.028,83 €	92.930,41 €	22.298,93 €

**BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)**

	<b>LOTE 3</b>
Importe sen o IVE:	90.957,60 €
IVE (21 %):	19.101,10 €
Importe total ofertado:	110.058,70 €

**BIOSER, S.A. (NIF: A08964884)**

	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	25.252,76 €	8.885,91 €
IVE (21 %):	5.303,08 €	1.866,04 €
Importe total ofertado:	30.555,84 €	10.751,95 €

**CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)**

	<b>LOTE 1</b>	<b>LOTE 2</b>	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	109.015,52 €	73.274,80 €	16.102,80 €
IVE (21 %):	22.893,26 €	15.387,71 €	3.381,59 €
Importe total ofertado:	131.908,78 €	88.662,51 €	19.484,39 €

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas pola empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF:





B36769479), para o Lote 1, e pola empresa BIOSER, S.A. (NIF: A08964884), para os Lotes 2 e 4, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ós prezos ofertados para os citados lotes.

Ante este feito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Medio Ambiente, mediante informe de data 14 de decembro de 2022 (X6LNRUH1WLFPCJGW), consideran que a xustificación presentada pola empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479) acredita de forma correcta a súa oferta económica, polo que propón á Mesa de Contratación que sexa admitida no Lote 1. Así mesmo, no mesmo informe de data 14 de decembro de 2022, considera que non se debe aceptar a xustificación presentada pola empresa BIOSER, S.A. (NIF: A08964884), para os lotes 2 e 4 por que, da documentación aportada, non se pode acreditar que poidan cumprir cos compromisos derivados do contrato.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre “B” de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

### Lote 1

<b>EMPRESAS LOTE 1</b>	<b>Sobre B Criterio prezo ofertado, ata un máximo de 100 puntos.</b>
COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)	100,000
CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)	62,602
CIENTYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)	48,558

### Lote 2

<b>EMPRESAS LOTE 2</b>	<b>Sobre B Criterio prezo ofertado, ata un máximo de 100 puntos.</b>
COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)	100,000
CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)	28,382
CIENTYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)	44,343



### Lote 3

<b>EMPRESAS LOTE 3</b>	<b>Sobre B Criterio prezo ofertado, ata un máximo de 100 puntos.</b>
BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)	0,000

### Lote 4

<b>EMPRESAS LOTE 4</b>	<b>Sobre B Criterio prezo ofertado, ata un máximo de 100 puntos.</b>
COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)	77,292
CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)	53,590
CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)	100,000

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Prestar conformidade o informe do servizo de Medio Ambiente de data 14 de decembro de 2022 e, en base ao mesmo:
  - a. Considerar xustificada a oferta presentada pola empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479), no referente ao prezo ofertado para o Lote 1.
  - b. Propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, a exclusión das ofertas presentadas pola empresa BIOSER, S.A. (NIF: A08964884) para os Lotes 2 e 4, por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas nos lotes 1, 2, 3 e 4 do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade, que quedan da seguinte forma:

### Lote 1

<b>POSICIÓN</b>	<b>EMPRESAS LOTE 1</b>	<b>Total SOBRE B</b>	<b>PUNTUACIÓNS TOTAIS</b>
1ª	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)	100,000	100,000
2ª	CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)	62,602	62,602
3ª	CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)	48,558	48,558

### Lote 2

<b>POSICIÓN</b>	<b>EMPRESAS LOTE 2</b>	<b>Total SOBRE B</b>	<b>PUNTUACIÓNS TOTAIS</b>
-----------------	------------------------	--------------------------	-------------------------------



1ª	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)	100,000	100,000
2ª	CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)	44,343	44,343
3ª	CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)	28,382	28,382

### **Lote 3**

POSICIÓN	EMPRESAS LOTE 3	Total SOBRE B	PUNTUACIONES TOTAIS
1ª	BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)	0,000	0,000

### **Lote 4**

POSICIÓN	EMPRESAS LOTE 4	Total SOBRE B	PUNTUACIONES TOTAIS
1ª	CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)	100,000	100,000
2ª	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)	77,292	77,292
3ª	CIENTISOL, S.L.U. (NIF: B15869605)	53,590	53,590

- 3) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adjudicación dos lotes nº 1, nº 2, nº 3 e nº 4 do contrato para a subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade ás seguintes empresas, conforme ao seguinte detalle:

### **COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)**

	LOTE 1	LOTE 2
Importe sen o IVE:	90.451,37 €	58.864,23 €
IVE (21 %):	18.994,79 €	12.361,49 €
Importe total ofertado:	109.446,16 €	71.225,72 €

### **BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)**

	LOTE 3
Importe sen o IVE:	90.957,60 €
IVE (21 %):	19.101,10 €



Importe total ofertado:	110.058,70 €
-------------------------	--------------

**CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)**

	<b>LOTE 4</b>
Importe sen o IVE:	16.102,80 €
IVE (21 %):	3.381,59 €
Importe total ofertado:	19.484,39 €

**5. Apertura sobre único correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla (Concello de Tui)" . (Expte.- 2022055300).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022008385 de data 23 de novembro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Reparación de beirarrúas na E.P. 2802 Acceso a Calvos dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+300 (Fornelos de Montes)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de novembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procedese á descrición e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.
- EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L.
- BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	41.962,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	41.919,71 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	38.755,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	40.378,23 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	42.386,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	41.962,53 €	3%	36 MESES	NO	NO
EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L.	41.306,64 €	3%	36 MESES	SI	SI
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	39.568,60 €	2%	30 MESES	NO	NO
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	40.881,70 €	3%	36 MESES	SI	SI



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, NAROM, S.L. e BRAIO MULTISERVICIOS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

**6. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.- 2022044467).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 2 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de asistencia técnica para o apoio ao Ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generación EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- UTE Cinfo contenidos informativos personalizados SL-Rent a Brain Consultores Sector Público SLU
- NUEVAS VENTAJAS, S.L. (C.I.F. B98120298 )
- TECHFRIENDLY S.L. (CIF B95886206)
- AUREN CONSULTORES SP SLP (CIF B-87.352.340)

**7. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.- 2022044467).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 2 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generación EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



A Mesa de Contratación nesta reunión do día 22 de decembro de 2022 procedeu a efectuar a apertura da documentación administrativa do sobre “A”, resultando admitidas as seguintes empresas:

- UTE Cinfo contenidos informativos personalizados SL-Rent a Brain Consultores Sector Público SLU
- NUEVAS VENTAJAS, S.L. (C.I.F. B98120298 )
- TECHFRIENDLY S.L. (CIF B95886206)
- AUREN CONSULTORES SP SLP (CIF B-87.352.340)

A continuación o Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentaron as empresa admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rias Baixas, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e doce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

